



Estimadas familias de 2º, 3º E 4º da ESO:

Dende a Anpa Rou, e coa intención de facilitar a recadación para sufragar a excursión da Semana Branca proposta para 2º e 3º da ESO e a excursión de fin de curso de 4º da ESO poranse a disposición das familias **rifas para o sorteo dunha cesta de produtos de Nadal** no que o número premiado terá que coincidir cos catro últimos números do primeiro premio da lotería nacional do 22 de decembro de 2023.

Despois do primeiro reparto desta semana, **o vindeiro xoves 23 de novembro no primeiro recreo (10.10 h.) no hall na mesa onde está o buzón da ANPA** voltaremos a repartir máis rifas (sempre previa inscrición no formulario antes das 23:59 h. do mércores 22/11/2023): <https://forms.gle/Svqh9QNEgxF2jddM7> :

- Para os que aínda non solicitáchedes ningunha
- Par os que queredes solicitar máis

Cada alumno/a poderá solicitar, mediante o formulario **nun primeiro momento 1 ou 2 tacos (50 ou 100 rifas)**, a vender a 1 € cada unha.

**A Anpa cederá unha cesta (doada polo Carrefour de Travesía de Vigo e dulces “El Patriarca”) a sortear e encargarse da xestión das participacións. Estas entregaranse de maneira gratuíta para os asociados.**

As familias **non socias** e que desexen vender rifas deberán **aboar 8€ por cada taco de 50 rifas** no momento de recollelas (gastos de xestión).

**O alumnado de 2º e 3º da ESO non poderán coller máis de 200 rifas (4 tacos) e o alumnado de 4º da ESO, 400 rifas (8 tacos) (sempre que sobren), xa que o total das rifas son 9.999.**

ANPA IES ROU